



RESOLUCIÓN

Asunto.- Convocatoria de axudas a deportistas para asistencia a competicións. Ano 2026.

Expediente.- 2026/EGFAB/000107

I.- A LXS dispón no seu artigo 17.2 que *as bases reguladoras das subvencións das corporacións locais deberanse aprobar no marco das bases de execución do orzamento, a través dunha ordenanza xeral de subvencións ou mediante unha ordenanza específica para as distintas modalidades de subvencións.*

II.-O Pleno da Corporación, na sesión extraordinaria celebrada o día 17 de novembro do 2020, acordou a aprobación inicial da Ordenanza Reguladora das Bases de subvencións do Concello de Oleiros, que entrou en vigor o día 9 de febreiro de 2021.

O Título II da Ordenanza contén as Bases reguladoras para a concesión de subvencións destinadas ao fomento do deporte.

O artigo 3 da Ordenanza dispón que *o Concello de Oleiros fará públicas as convocatorias necesarias para a concesión de subvencións que se realizarán mediante resolución da Alcaldía. Ao devandito efecto a convocatoria deberá fixar a contía total máxima destinada ás subvencións convocadas e poderá tomar forma de convocatoria aberta de conformidade co establecido no artigo 59 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións. O procedemento para a concesión iniciárase de oficio mediante resolución de convocatoria que deberá prever o contido do artigo 23 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.*

III.- O 05/06/2026 formúlase proposta de convocatoria de subvencións a deportistas para asistencia a competicións, tanto de ámbito estatal como internacional, polo Técnico Municipal de Deportes.

IV.- Na mesma data foi ditada providencia pola Quinta Tenenta de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción económica, pola que ordena a incoación do procedemento de Convocatoria de axudas a deportistas para asistencia a competicións, correspondente ao exercicio de 2026, así como a elaboración das bases da convocatoria por parte da responsable da Unidade Xurídica.

V.- A responsable da Unidade Xurídica da área emitíu informe-proposta, que foi informada favorablemente pola Intervención Municipal.

Á vista do exposto, en exercicio das facultades que foron delegadas a esta Tenencia de Alcaldía a través do Decreto de Alcaldía número 2023003281, de 21 de xuño de 2023

RESOLVO:

Primeiro.- Autorizar un gasto de 12.000 euros para facer fronte á *“Convocatoria de axudas a deportistas para asistencia a competicións correspondente ao ano 2026.”*



Segundo.- Aprobar a seguinte Convocatoria de subvencións:

**ANEXO.- BASES DA CONVOCATORIA DE AXUDAS A DEPORTISTAS PARA ASISTENCIA A COMPETICIÓNS.
ANO 2026**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos anos a traxectoria deportiva de varios clubs e deportistas de Oleiros ven experimentando unha importante progresión desde o punto de vista do rendemento deportivo e polo tanto tamén na consecución de importantes logros nas competicións nas que participan.

Unha das liñas básicas da política deportiva municipal é o fomento do deporte de base. Os instrumentos para iso son fundamentalmente as axudas económicas directas aos clubs, programas de torneos base, programas de dinamización deportiva no eido escolar e posta a disposición dos clubs deportivos dunha importante rede de instalacións e dotacións deportivas (campos de fútbol, pavillóns deportivos, piscinas, ximnasios, centros náuticos, etc).

Para dar continuidade a esta liña básica, o Concello de Oleiros tamén quere recoñecer e prestar o seu apoio a deportistas oleirenses que compiten a nivel internacional, así como a deportistas pertencentes a clubs do Concello que acadan logros importantes en campionatos de ámbito estatal.

O obxectivo fundamental é o recoñecemento ao esforzo persoal, a constancia no traballo, ao compromiso consigo mesmo e cos compañeiros, e sobre todo o reforzo á continuidade e consolidación da práctica deportiva destes rapaces e rapazas. Ao mesmo tempo tampouco podemos ser alleos ao esforzo de moitas familias que acompañan aos seus fillos e fillas neste camiño de formación persoal por medio do rendemento deportivo. Este esforzo en moitas ocasións se traduce tamén en esforzo económico derivado dos desprazamentos que teñen que realizar para participar nas competicións, dado que non sempre desde as respectivas federacións ou clubs cobren todos os gastos derivados dos desprazamentos para participación nas correspondentes probas deportivas.

Conscientes da importancia que as circunstancias sinaladas teñen para este Concello, consideramos que debemos seguir colaborando con estes deportistas, coa convocatoria de axudas para asistir a campionatos de carácter internacional e a campionatos de España ou campionatos oficiais de ámbito estatal.

I.- Obxecto da subvención

É obxecto desta convocatoria a concesión de axudas individuais a deportistas do Concello de





Oleiros seleccionados para participar en competicións deportivas internacionais e de ámbito estatal, que reúnan as condicións detalladas na convocatoria.

Son competicións subvencionables as que se celebren ou se teñan celebrado entre 1 de agosto de 2025 e o 31 de xullo de 2026.

Quedan excluídos da convocatoria aqueles eventos relacionados coa caza, coa pesca ou actividades a motor, así como a categoría de veteranos de calquera competición.

Esta subvención é compatible con outras subvencións, axudas, ingresos ou recursos para a mesma finalidade.

II.- Importe e aplicación orzamentaria

O importe máximo da convocatoria é de 12.000 euros, que se outorgarán con cargo á aplicación orzamentaria 81.341.48902.

III.- Requisitos dos beneficiarios e características das competicións subvencionables

Poderán ser beneficiarios destas axudas os deportistas que reúnan os requisitos seguintes:

1. Estar empadroados no Concello de Oleiros de xeito consecutivo durante os dous anos completos anteriores á data de publicación da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.
2. Que se dean as seguintes circunstancias, segundo o **ámbito** de competición de que se trate:
 - a. En Competicións internacionais:
 - ✓ Participar nalgunha das seguintes competicións:
 - a.1. Fase final dun Campionato de Europa, Campionato do Mundo ou Xogos Olímpicos.
 - a.2. Competicións denominadas doutro xeito, pero nas que se decida ou outorgue algún dos títulos seguintes: campión/oa de Europa ou do Mundo.
 - a.3. Competicións puntuables nas que sexa imprescindible participar para obter o título de campión, sempre que dito título se outorgue como resultado da suma de puntos de cada proba.
 - ✓ Non se subvencionarán as competicións previas clasificatorias.
 - ✓ As disciplinas deportivas deben contar con federación deportiva galega, española e internacional.
 - ✓ Ter sido seleccionado pola respectiva federación española ou galega para participar nas competicións devanditas.



b. En Competicións de ámbito estatal:

- ✓ Participar nalgunha das seguintes competicións:
 - b.1. Campionato España
 - b.2. Competicións oficiais denominadas doutro xeito, pero nas que se decida ou outorgue o título de campión/a de España
- ✓ Que a disciplina deportiva conte con federación deportiva galega e española.
- ✓ Ter obtido algún dos tres primeiros postos.
- ✓ Ter como mínimo 16 anos cumpridos no intre de celebración da competición.
- ✓ Competir no máximo nivel deportivo da categoría que lle corresponda por idade ou ben das superiores.
- ✓ Que a competición teña a participación mínima que se sinala a continuación dentro da propia modalidade, sexo e categoría solicitadas:
 - 10 deportistas ou equipos en categorías femininas ou mixtas.
 - 15 deportistas ou equipos en categorías masculinas.

3. Atoparse ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social e non ser debedor da Facenda Municipal.
4. Non estar cumprindo sanción disciplinaria deportiva firme na vía administrativa por infracción grave ou moi grave, nin sanción firme en materia de dopaxe, no momento da presentación da solicitude nin durante a tramitación da convocatoria.

IV.- Solicitudes

1. As solicitudes deberán presentarse dalgún dos seguintes xeitos:
 - Electrónicamente: na Sede electrónica municipal, no trámite correspondente a esta convocatoria.
 - Presencialmente: no rexistro municipal sito no Centro Cultural “A Fábrica” (Rúa do Inglés, 13 – 15172, Perillo), no formulario normalizado que se inclúe nesta convocatoria; sen prexuízo do que dispón o artigo 16.4 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.
2. O prazo de presentación de solicitudes será desde o día seguinte á publicación desta convocatoria no BOP da Coruña ata o 20 de agosto de 2026.
3. Condicións das solicitudes:
 - a) Só poderá solicitarse axuda para un dos ámbitos sinalados no artigo anterior (estatal/internacional), sen que en ningún caso podan acumularse competicións correspondentes aos dous ámbitos.
 - b) En caso de que o ámbito escollido sexa o estatal, poderase solicitar axuda para unha única competición.
 - c) Se fosen presentadas dúas ou máis solicitudes, entenderase que a última invalida ás anteriores e darase trámite unicamente á última que se presente, agás no seguinte caso.
 - d) Dentro do ámbito internacional poderán acumularse as solicitudes de participación. Como máximo poderán acumularse solicitudes para: unha competición de nivel europeo,





unha de nivel mundial e unha olímpica.

- e) Deberán constar os datos da persoa representante legal en caso de que o/a deportista sexa menor de idade, persoa tutelada, e situacións similares.

4. A Administración poderá demandar dos solicitantes a documentación que considere oportuna para ampliar a súa información a efectos da concesión das axudas.

5. Xunto coa solicitude deberá acompañarse a seguinte documentación:

▪ En todos os casos:

- ✓ Fotocopia do DNI/NIE do solicitante e do seu representante legal (pai, nai ou titor).
- ✓ Licencia federativa na disciplina deportiva correspondente, referida ao momento da competición para a que se solicita subvención, agás que xa consten os datos da súa licenza no certificado federativo.
- ✓ Documento acreditativo da conta bancaria onde desexen recibir a axuda (certificado bancario), agás que tivera solicitado a axuda para o ano anterior e non houberse variación nos datos. O solicitante deberá ser titular ou cotitular da mesma.
- ✓ Certificado da federación acreditativo de que o deportista non está cumprindo sanción disciplinaria referida no apartado III.4.

▪ Cando se trate de competicións internacionais, ademais:

- ✓ Orixinal ou copia compulsada do Documento federativo que acredite que o deportista solicitante foi seleccionado pola respectiva federación e participou na competición internacional para a que solicita a axuda, así como o lugar no que se desenvolveu.
- ✓ No caso das competicións sinaladas no parágrafo III.2.a.2. deberán aportar asemade certificado federativo de que na dita competición se decide ou outorga algún dos títulos seguintes: campión/oa de Europa ou do Mundo.

▪ No caso de competicións estatais, ademais:

- ✓ Orixinal ou copia compulsada do Documento federativo que acredite que o deportista solicitante obtivo algún dos tres primeiros postos na correspondente competición.
- ✓ No caso das competicións sinaladas no parágrafo III.2.b.2. deberán aportar asemade certificado federativo de que na dita competición se decide ou outorga o título de Campión/oa de España.
- ✓ Acreditación do número total de participantes na competición (ben mediante certificación federativa ou ben por calquera outro medio que o órgano concedente considere admisible).

6. Se a solicitude non está correctamente formulada ou faltan datos ou documentación necesarios, o órgano competente requirirá ao interesado para que emende as fallas ou acompañe os documentos preceptivos no prazo máximo e improrrogable de dez días, indicándolle que se non o fixese teráselle por desistido da súa solicitude despois da resolución á que se refire o artigo 68 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo



Común das Administracións Públicas. Este requirimento efectuarase mediante publicación no Taboleiro de Edictos, e a dita publicación será comunicada ás persoas interesadas mediante correo electrónico.

7. A presentación dunha solicitude de subvención implicará que se autoriza ao Concello a consultar de oficio a situación do solicitante no Padrón municipal e a antigüidade no mesmo, así como o estado de débedas coa AEAT, Seguridade Social e o propio Concello.

V. Límites das axudas.

1. Só se concederá axuda para un dos ámbitos sinalados no artigo III.2., sen que en ningún caso podan acumularse competición estatal e internacional.

2. En caso de que o ámbito escollido sexa o estatal, só se concederá axuda para unha competición.

3. En caso de que o ámbito escollido sexa o internacional, poderanse acumular as axudas nos casos establecidos no parágrafo IV.3.d) desta convocatoria, sendo o importe máximo a conceder o correspondente a unha axuda para cada un dos tres campionatos sinalados.

4. No suposto de que o importe da convocatoria fose insuficiente para outorgar as cantidades que correspondesen a cada deportista, efectuarase unha minoración proporcional nos importes de todos os beneficiarios, ata que o importe total da concesión se equipare ao total da convocatoria.

VI.-Contías individuais

A) As contías das axudas a deportistas que acudan a campionatos internacionais ascenderán aos seguintes importes:

a) Importe por participación:

- Por participar nun Campionato de Europa ou análogo.- 500 euros.
- Por participar nun Campionato do Mundo ou análogo.- 750 euros.
- Por participar nuns xogos olímpicos.- 1.000 euros.

b) Importe en función da distancia desde Oleiros ao lugar de celebración da competición:

- Localidade que diste de Oleiros entre 500 e 1000 kms.- 300 euros.
- Localidade que diste de Oleiros entre 1001 e 2000 kms.- 400 euros.
- Localidade que diste de Oleiros entre 2001 e 3000 kms.- 500 euros.
- Localidade que diste de Oleiros máis de 3000 kms.- 600 euros.

Se a distancia co lugar de celebración do evento é inferior a 500 km., aboarase só o importe que corresponda segundo o parágrafo a) deste artigo.

c) O importe máximo total a adicar a deportistas que compitan en modalidades de equipo non poderá exceder do 25 por cento do importe total da convocatoria. En caso de aplicando





os criterios sinalados, o importe superase este límite, o importe máximo ratearase entre os solicitantes.

B) Contía das axudas a deportistas que obteñan algún dos tres primeiros postos en campionatos de España ou análogos. Importe en función do resultado da competición:

a) Modalidades de carácter individual:

- ◆ 1º posto.- 600 euros.
- ◆ 2º posto .- 500 euros
- ◆ 3º posto .- 400 euros

b) Modalidades colectivas ou de equipos:

No caso das axudas a deportistas de disciplinas colectivas ou de equipos, as cantidades a outorgar a cada deportista serán as mesmas que nas modalidades individuais, pero cos seguintes límites por equipo:

- ◆ 1º posto.- 1.800 euros/equipo.
- ◆ 2º posto .- 1.500 euros/equipo.
- ◆ 3º posto .- 1.200 euros/equipo.

En caso de que a cantidade a conceder a varios solicitantes do mesmo equipo exceda destes límites, o importe ratearase entre os/as solicitantes.

VII.- Concesión

1. A adxudicación levarase a cabo en réxime de concorrencia non competitiva, xa que o único criterio para a adxudicación é o cumprimento polo solicitante dos requisitos esixidos.

2. Unha vez rematado o prazo de solicitudes, efectuarase a avaliación das mesmas pola Comisión de Valoración, que poderá solicitar a axuda que estime oportuna dos servizos municipais para a valoración das peticións de subvencións. A comisión emitirá un informe detallado da valoración que remitirá ao órgano instructor.

3. A comisión conformarase do seguinte xeito:

- Presidencia: Quinta Tenenta de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e emprego, Turismo e Promoción Económica
Presidencia Suplente: Sétima Tenenta de Alcalde, delegada de Cultura e Normalización Lingüística, Ensino e Xuventude
- Vogais:
 - Técnico Municipal de Deportes
 - Animador deportivo 1.Vogal suplente:
 - Animador deportivo 2.
- Secretaría: Unha persoa da Unidade Xurídica.



O *quórum* necesario para a válida constitución da Comisión será de tres persoas, sempre que entre eles se conten a presidenta e a secretaria.

4. Unha vez comprobado o cumprimento dos requisitos que dá lugar á concesión da axuda, o órgano instructor –en base á avaliación efectuada pola Comisión de avaliación- formulará a proposta de resolución provisional, que se publicará no Taboleiro de Edictos da Sede Electrónica do Concello de Oleiros, concedéndose un prazo de 10 días para presentar alegacións.

5. Transcorrido dito prazo e examinadas as alegacións aducidas no seu caso polos interesados, o órgano instructor formulará a proposta de resolución definitiva, que presentará ao órgano competente para a súa aprobación. En caso de non presentarse alegacións, a proposta provisional devirá definitiva.

6. As subvencións serán concedidas pola Quinta Tenenta de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción Económica a proposta do órgano instructor.

7. Será órgano instructor a persoa traballadora municipal responsable do servizo.

8. Toda alteración das condicións que fosen tidas en conta para a concesión da subvención, ou a obtención concorrente doutras subvencións ou axudas para a mesma finalidade poderá dar lugar á modificación da resolución de concesión.

9. A resolución pon fin á vía administrativa, e contra ela, sexa expresa ou presunta, poderanse interpor os recursos que correspondan.

10. A concesión publicarase no Taboleiro de Edictos da sede electrónica do Concello de Oleiros.

11. De acordo co previsto no artigo 20.8 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, efectuarase a remisión á Base de Datos Nacional de Subvencións da información relativa ás subvencións concedidas.

12. As axudas concedidas ao amparo desta convocatoria serán consideradas, a efectos do IRPF, como rendementos de actividades profesionais, polo que se lles aplicará a retención que corresponda de acordo coa normativa vixente no momento do pagamento.

13. O prazo para a resolución do procedemento e a notificación da concesión será de 4 meses desde que remate o prazo de presentación de solicitudes.

VIII.- Publicidade das axudas

O Concello efectuará a publicidade da concesión das axudas nos seus propios medios de comunicación.

IX.- Xustificación e pagamento





Unha vez concedidas as subvencións efectuarase o pagamento do 100 por cento do importe concedido, xa que os documentos xustificativos da asistencia á competición xa son presentados xunto coa solicitude.

X.- Normativa reguladora

A presente convocatoria rexerese polas normas establecidas nesta convocatoria e pola Ordenanza reguladora das bases de subvencións do Concello de Oleiros, aprobada polo Concello Pleno o 17 de novembro do 2020; pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, nos preceptos que teñen carácter básico; a Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia; a Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e demais normas de dereito administrativo, e, no seu defecto, aplicaranse as normas de dereito privado.

XI.- Recursos

Contra a Resolución que aprobe a presente convocatoria, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante o órgano que a dite recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ao da publicación da mesma, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da publicación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdición Contencioso-Administrativa.

Terceiro.- A aprobación do seguinte formulario:

SOLICITUDE DE AXUDA PARA ASISTENCIA A COMPETICIÓNS DEPORTIVAS. 2026

A.- DATOS DA PERSOA SOLICITANTE

APELIDOS E NOME _____
NIF _____ TELÉFONO _____
ENDEREZO _____
LOCALIDADE _____ CÓDIGO POSTAL _____
ENDEREZO ELECTRÓNICO _____

B.- DATOS DA PERSOA REPRESENTANTE (no seu caso)

APELIDOS E NOME _____
NIF _____ TELÉFONO _____
ENDEREZO _____



LOCALIDADE _____ CÓDIGO POSTAL _____
RELACIÓN CO/A DEPORTISTA SOLICITANTE _____
ENDEREZO ELECTRÓNICO _____

C.- TIPO DE SUBVENCIÓN QUE SOLICITA

- CAMPIONATOS INTERNACIONAIS
- MODALIDADE INDIVIDUAL
 - MODALIDADE COLECTIVA OU DE EQUIPO
- COMPETICIÓN DE ÁMBITO ESTATAL:
- MODALIDADE INDIVIDUAL
 - MODALIDADE COLECTIVA OU DE EQUIPO

D.- DATOS DEPORTIVOS

MODALIDADE DEPORTIVA _____
CLUBE _____
CAMPEONATO _____
LUGAR DE CELEBRACIÓN _____
DATA DE CELEBRACIÓN _____
POSTO OBTIDO (só en caso de competicións de ámbito estatal) _____
Nº DE PARTICIPANTES (só en caso de competicións de ámbito estatal) _____

E.- DECLARACIÓN REFERIDA Á CONTA BANCARIA (marcar só unha das opcións seguintes).

- Achégase certificado de conta bancaria
- A conta corrente na que desexa que se lle ingrese o importe de subvención, en caso de ser concedida, é a mesma na que se ingresou dita axuda por este Concello no ano anterior, sen que se houberen producido cambios na súa titularidade.

F.- DECLARACIÓN RESPONSABLE

En caso de ser a persoa deportista maior de idade, debe constar neste apartado o nome e sinatura do/da deportista. En caso de ser menor de idade ou tutelado/a, constarán os datos e sinatura do/da seu/súa representante legal).

D./ª _____ (deportista ou representante), DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE:

1. Que acepta todas as condicións da presente convocatoria.
2. Que a persoa deportista ou a representante (nos casos en que sexa necesaria a representación legal) se atopa ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, e que autoriza ao órgano instrutor da subvención para solicitar de oficio as consultas de atoparse ao día nas obrigas tributarias coa AEAT e coa Seguridade Social, así como co Concello de Oleiros.
3. Que non está incurso/a nas causas de incompatibilidade ou incapacidade para percibir





subvencións previstas no artigo 13 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

4. Que o/a deportista leva empadroadado/a no Concello de Oleiros de xeito consecutivo durante os dous anos completos anteriores á data de publicación da convocatoria no BOP, e que autoriza ao órgano xestor desta convocatoria a realizar de oficio a consulta pertinente ao Padrón Municipal.
5. Que o importe das subvencións recibidas para este mesmo concepto, desta e doutras administracións públicas, non supera o custe da actividade subvencionada.
6. Que todos os datos incorporados á presente solicitude axústanse á realidade, quedando ao tanto de que a inexactitude dos datos declarados dará lugar á denegación ou revogación da axuda.
7. Que acepta a notificación da concesión ou denegación da axuda solicitada, así como requirimentos ou calquera outra comunicación que lle efectúe o Concello por este motivo, mediante correo electrónico ao enderezo que se sinala neste documento.
8. Que coñece e acepta que a publicidade da axuda concedida e o nome da persoa deportista subvencionada sexa efectuada polo Concello nos seus propios medios de comunicación.

_____, a ____ de _____ de 20 ____

Sinatura

PROTECCIÓN DE DATOS: O responsable do tratamento dos seus datos é o Concello de Oleiros, que tratará os seus datos coa finalidade de xestionar os trámites relativos á súa solicitude. Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade e durante os prazos de prescrición legal. Os datos serán comunicados ás administracións que deban intervir no proceso. Non haberá transferencia internacional de datos. Pode exercer os seus dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición e limitación na nosa sede electrónica, presencialmente no Concello ou en dpd@oleiros.org. Pode contactar co noso Delegado de Protección de Datos no mesmo correo. Pode dirixirse ante a Axencia de Protección de Datos (C. de Jorge Juan, 6, 28001 Madrid, www.aepd.es). Máis información na política de privacidade na nosa web. Consulte o noso Rexistro de Actividades de Tratamento no Portal de Transparencia

Cuarto.- Que se publique o correspondente anuncio no Boletín Oficial da Provincia da Coruña, por conduto da BDNS, de acordo co prescrito pola Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Recursos.- Contra esta Resolución, que pon fin á vía administrativa, poderase interpor ante este mesmo órgano recurso potestativo de reposición, no prazo DUN MES a contar dende o día seguinte ó da recepción da notificación, de conformidade cos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro, LPACAP. Tamén poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo perante os Xulgados do Contencioso-Administrativo da cidade de A Coruña, no prazo de DOUS MESES a contar dende o día seguinte ao da recepción da notificación, de conformidade co disposto na Lei 29/98, de 13 de xullo, da Xurisdicción Contencioso-Administrativa. Todo isto sen prexuízo da



facultade de interposición do recurso extraordinario de revisión cando concorran algunhas das circunstancias previstas no artigo 125 da Lei 39/2015, do 1 de outubro do procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, de formular a solicitude á que se refire o artigo 106.1 da citada Lei, ou de interpoñer aqueles outros que estime procedentes.

En Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na marxe pola Quinta Tenente de Alcalde, delegada de Deportes, Formación e Emprego, Turismo e Promoción económica e o Secretario, que da fe. (Asinado aos efectos exclusivamente do artigo 3.2 do RD 128/2018 de 16 de marzo e o artigo 2.1 do Decreto 24/2018 do 15 de febreiro).

